



## O HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, "CENTRO DE EXCELENCIA" A NIVEL MUNDIAL NO TRATAMENTO DE AFECCIÓNS CORONARIAS CON DCB

- *A Unidade de Hemodinámica do Hospital Álvaro Cunqueiro é a segunda no mundo -e primeira en España- en obter a cualificación de Centro de Excelencia para adestrar a nivel internacional a outros médicos e persoal sanitario nesta técnica— Representantes da firma que desenvolveu este sistema trasladouse a Vigo para entregar persoalmente esta certificación*
- *Consiste no emprego dun balón cristalino recuberto de sirolimus butilhidroxitolueno (DCB) para tratar placas arterioscleróticas na arteria coronaria, en lugar de empregar stents metálicos liberadores de fármacos*

**Vigo, 28 de marzo de 2024.**- O Servizo de Cardioloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo acaba de ser nomeado "Centro de Excelencia" polo laboratorio B Braun (Melsungen, Alemaña) fabricante dun novo sistema menos invasivo para o tratamento de determinadas afeccións coronarias. Este recoñecemento tan só o posúen dous hospitais no mundo: o primeiro deles, situado en Postdam (Alemaña, país de orixe do laboratorio) e agora, o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.



Para entregar este recoñecemento, a pasada semana desprazáronse ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo unha representación da firma encabezada polo seu conselleiro delegado en España, Christoph Mueller.

### **Experiencia de alto valor**

Esta designación por parte do laboratorio que desenvolveu esta nova técnica ven, non só polo emprego con éxito deste sistema en intervencións levadas a cabo no Álvaro



Cunqueiro, senón pola investigación e experimentación desenvolvida polo Servizo de Cardioloxía, achegando resultados e amosando opinións de interese para o fabricante.

A nova técnica, trátase do tratamento dunha afección coronaria mediante unha intervención percutánea (anxioplastia) que se realiza cun balón cristalino recuberto de sirolimus butilhidroxitolueno (DCB) para tratar placas arterioscleróticas na arteria coronaria. Este sistema ten como vantaxe non deixar atrás material metálico, tal e como ocorre cando se empregan stents metálicos liberadores de fármacos que, unha vez cumprido o seu papel, fican aloxados na arteria de maneira permanente.

No mes de xaneiro pasado, os Doutores Andrés Íñiguez Romo, xefe do Servizo de Cardioloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, e Víctor Alfonso Jiménez Díaz, director da Unidade de Investigación Cardiovascular, realizaron unha intervención coronaria percutánea a unha paciente de 50 anos de idade e motivada por unha síndrome coronaria aguda, empregando esta nova técnica DCB: un balón coronario que libera o fármaco sirolimus cristalizado en 45 segundos, en lugar de empregar stents metálicos liberadores de fármacos, como é habitual.

Para amosar a efectividade do tratamento, os investigadores realizaron unha técnica de imaxe denominada tomografía de coherencia óptica (OTC) para visualizar o efecto do balón dentro da arteria coronaria, podendo conformar a presenza de fármaco na arteria inmediatamente despois do seu tratamento e confirmado o efecto fármaco aos 30 días da intervención.

Esta experiencia levou aos doutores Íñiguez Romo e Jiménez Díaz á elaboración dun artigo publicado no número 402 da prestixiosa revista médica The Lancet titulado: Visualización da arteria intracoronaria de depósitos cristalinos de sirolimus despois de anxioplastia con balón recuberto de fármaco para a síndrome coronaria aguda, accesible seguindo esta ligazón: [https://www.thelancet.com/journals/lancet/article/PIIS0140-6736\(23\)02349-8/fulltext](https://www.thelancet.com/journals/lancet/article/PIIS0140-6736(23)02349-8/fulltext). Tamén é accesible un vídeo no que doutor Jiménez Díaz explica esta experiencia: <https://www.youtube.com/watch?v=CCEvOfffOUU> Ámbolos dous médicos pertencen tamén ao Grupo Investigación Cardiovascular, do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur.

### **Formar a equipos de cirurxía**

Esta Condición de "Centro de Excelencia" supón, tanto o recoñecemento de experiencia suficiente para empregar esta técnica cirúrxica, á vez que converte a este Servizo de Cardioloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro en centro formador internacional do emprego desta técnica a facultativos de outros países, estando prevista en breve a formación de especialistas en cardioloxía intervencionista nacionais e internacionais que se trasladarán ata aquí para completar a súa capacitación no emprego desta novidosa e menos invasiva técnica cirúrxica.